



Nº 12

DL VG 81-2013

# SUMARIO

| Título                                     | Autor                                | Páxina |
|--------------------------------------------|--------------------------------------|--------|
| Editorial.                                 |                                      | 3      |
| Que son as Pensións e a Seguridade Social? | Redacción.                           | 4-5    |
| Somos Parte do Problema ou da Solución?    | Enrédete Radio.                      | 6      |
| A Onde Carallo van os Impostos?            | Daniel García Reigosa.               | 7      |
| Horóscopo Laboral                          |                                      | 8-9    |
| Alebrije.                                  | Montse Piñeiro.                      | 10     |
| A Batalla polas Pensións.                  | Lapsus distribuidora alternativa.    | 11     |
| II Festival Metamovida.                    | Xavier Rúañez Bértolo.               | 11     |
| O engano da “produtividade laboral”.       | Uxío Reinoso Maset.                  | 12-13  |
| Poema.                                     | Pablo Fresneda.                      | 14     |
| A Boia entrevista a...                     | Oficina de Dereitos Sociais de Coia. | 15     |
| Portada.                                   | Cobe.                                |        |
| Almanaque.                                 | Rat Art.                             |        |

0.50€ n.º 12

Marzo-2014

**COLABORA  
CONNOSCO!**

aboia.info  
revistaaboia@gmail.com

Tirada do número anterior:  
220 exemplares.

A boia por Revista A Boia atópase baixo  
unha Licencia Creative Commons Atribución-  
NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported.

Locais de distribución:  
Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo),  
Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo),  
Mercado da Tía Ni (Sabarís), Café  
Uff (Vigo), Cova dos ratos (Vigo),  
Bar Hipólito (Vigo), Tetería  
Rosalinda (Vigo), Bar Princesa (Vigo),  
Taberna do Jefe (Gangas),  
La bolera (Moaña), Rañolas  
Café (Gondomar), Casa Colorida  
(Nigrán), LS Faísca (Calvario), CS  
Fuscalho (A Guarda), Detrás do Marco  
(Vigo), Edra (Vigo), CS Lume (Calvario),  
Galeria Jazz (Vigo), Café Bar A Pola  
(Vigo), La Caja (Alcabre).

**RECÍCLAME!**

# EDITORIAL

O "Estado", así con maiúsculas, é un concepto controvertido. Nos círculos académicos conviven diversas definicións do que é a "organización política suprema dunha poboación". Básicamente hai dúas disxuntivas: por unha banda se o Estado serve ao conxunto da sociedade, ou pola contra so é un dos medios de dominación dunha parte da sociedade sobre as outras? E por outra, se o principal elemento constitutivo da supremacía da organización estatal atópase no seu monopolio do uso da forza, ou pola contra nun recoñecemento "lexítimo" da súa autoridade normativa.

Polas dificultades para atopar un consenso, nas últimas décadas fíxose común a adxectivación do termo, falouse así do Estado "de Dereito", "do Benestar", "Socialista", "Liberal",... ou incluso "Fascista", "Totalitario" ou "Terrorista" se o que interesaba era descalificar a un Estado en concreto. Buscábase así ocultar aquelas dúbidas sobre a definición, e que non agromasen as visións represora e explotadora do Estado.

Actualmente aqueles adxectivos estánse a caer polo peso da realidade. No noso contexto, para a "maioría" da poboación o estado español xa non é "de Dereito" e de "Benestar". A última crise capitalista desvelou que o Estado non é unha solución do conxunto social.

**O desmantelamento da Seguridade Social**, isto é, os recortes nas pensións e prestacións de desemprego, xubilación,

invalidez, viuvez,... **quizais sexa onde máis evidente se fai a depredación que fan uns poucos (banqueiros, empresaros, políticos corruptos,...) dos recursos colectivos.** A construción da Seguridade Social foi unha empresa colectiva nacida das clases populares, que conseguiron trasladar á "organización política suprema" as súas prácticas solidarias "tradicionais" (mutualismo, caixa de resitencia,...). Pero semella que hoxe en día o soño socialdemócrata quebrouse. Certo é que o avance da acumulación capitalista implicou a redución da parte do PIB que alimenta o sistema da seguridade social (as rendas do traballo), xa que hai máis paro, fraude e redución salarial, pero iso no fai "inevitable", que as prestacións e pensións teñan que deixar de ser universais e perdan a súa calidade principal (cubrir as necesidades básicas das persoas que o precisen). Se cada vez estase a excluír a máis persoas (migrantes, desempregadas), devaluando as pensións e reducindo as figuras "excepcionais" (orfandade, maternidade, viuvez,...) é porque **non interesa redistribuír a riqueza, se non expoliar a que xa é pública. Ante as dificultades económicas das clases populares, o Estado en vez de reforzar as formas solidarias estase a adicar a abrir a caixa común aos depredadores.** Basta xa de expolio! Non é unha crise é unha estafa!

**DEMOCRACIA FRONTE "OS MERCADOS"**

**MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRÚIR**

**PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE**

# QUE SON AS PENSIONES E A SEGURIDADE SOCIAL?

Redacción.

As pensión da seguridade social son un mecanismo de solidariedade mediatizado Estado polo cal se protexe a quen, debido á desigualdade no reparto da riqueza, de outra maneira verían mermados os seus ingresos de forma significativa ou serían incluso excluídos do sistema. É a seguridade social a que nos protexe das consecuencias da enfermidade, dos accidentes no traballo, a maternidade, a invalidez, a vellez e o desemprego.

***"É a seguridade social a que nos protexe das consecuencias da enfermidade, dos accidentes no traballo, a maternidade, a invalidez, a vellez e o desemprego."***

## ONDE NACE A SEGURIDADE SOCIAL?

O sistema da seguridade social nace como froito da loita do movemento obreiro, ao reclamar os dereitos sociais e laborais como parte integral do concepto de cidadanía e, polo tanto, cubertos mediante a responsabilidade do Estado. No estado español, o que poderíamos sinalar como primeiro antecedente da seguridade social é a Ley de Accidentes de Trabajo, de 1900. En 1919 aparece o xerme das pensións: o Retiro Obrero; en 1923 o Seguro Obligatorio de Maternidade; e en 1931 o Seguro de Paro Forzoso.

## POR QUE SE ATACA ÁS PENSIONES?

O ataque aberto ás pensións comeza nos anos oitenta, como unha fronte máis da ofensiva neoliberal que sufrimos. É unha construción ideolóxica que persegue unha fin moi concreta: que o aforro público que supoñen as pensións convertase nun obxecto financeiro controlado por bancos

e aseguradoras.

De cumprirse o plan neoliberal só poderían dispoñer de pensións aqueles con capacidade de aforro propio. O resto, quedará abandonado á súa sorte. Un paso máis no darwinismo social ao que derivamos cada vez a maior velocidade.

Algúns dos fitos que foron marcando as liñas de descomposición do sistema de pensións son, na esfera internacional, o demoledor e irreal informe do Banco Mundial de 1994 ou, no estado español, os "louvados" Pactos de Toledo.



Estas liñas foron realizadas nas reformas de 2011 e 2013. No ano 2011 o goberno do PSOE decidiu, incrementar o período de cotización, a idade de xubilación, revisar as pensións de enviuvamento e poñer data para o cálculo do "factor de sustentabilidade": 2027. Esta reforma, presentada como definitiva, durou dous anos. Aproveitando o shock da crise iniciada en 2008, o goberno do PP, que como o PSOE seguía as directrices da UE, decidiu que o "factor de sustentabilidade" tiña que aplicarse xa, en 2014. Ademais, desvinculou o incremento das pensións ao IPC e inventouse un extravagante sistema para poder reducir as pensións futuras, o "factor de equidade interxeneracional", que nos leva a reducir as pensións si a nosa

esperanza de vida é maior que a xeración anterior.

***“Non hai razón algunha para que as pensións teñan que sosterse a partir das cotizacións dos traballadores, podería facerse na súa totalidade a partir de impostos.”***

Para levar ao cabo este ataque, preséntanse como verdadeiros argumentos baseados en cálculos falseados. A realidade é que, non hai razón algunha para que as pensións teñan que sosterse a partir das cotizacións dos traballadores, podería facerse na súa totalidade a partir de impostos. Ademais, aínda que é certo que a esperanza de vida incrementouse en máis de catro anos desde 1980, o certo é que o que debería de servírnos como medio para calcular a contía da pensión non é a esperanza de vida, senón a lonxevidade, que apenas aumentou en dous anos. A esperanza de vida aumenta, sobre todo, pola diminución da mortalidade infantil, que en nada afecta ás pensións. Ademais, a lonxevidade non é a mesma en todos habitantes dun estado: a clase acomodada vive, de media, 10 anos máis que un obreiro non cualificado. Son as clases populares, cunha lonxevidade (e tamén unha esperanza de vida) inferior á clase alta, as prexudicadas pola reforma das pensións, pois carecen da mesma capacidade de aforro.



Ademais, é gasto en pensións no Estado español é máis reducido que noutros da nosa contorna: segundo o Eurostat, o noso gasto en pensións en 2010 era do 12%; en Austria, do 15%.

Tampouco é certo que por contar con menos traballadores por pensionista o sistema se encamiña á destrución: o que importa non é o número de traballadores, senón a riqueza que producen. Deste xeito, se tomamos os datos do Banco España que adiantan un incremento de produtividade do 1,5%, en 2060 o PIB será máis do dobre que o actual. Pois ben, no 2060, cun PIB de 200 sobre os 100 de 2014, teremos o dobre de recursos para financiar as pensións, aínda que a porcentaxe se incrementa.

### **QUE PODES FACER TI?**

Entender que as pensións son un sistema de solidariedade social e, tamén, un sistema de redistribución da riqueza; son froito da loita de xeracións e, en consecuencia, debemos loitar non só polo seu mantemento, senón por levalas cara á universalidade absoluta.



# SOMOS PARTE DO PROBLEMA OU DA SOLUCIÓN?

Enrédate Radio.

O obxectivo do Traballo Social é procurar un Sistema máis xusto e equitativo, eliminando barreiras que dificultan o acceso de determinadas persoas e colectivos ao estatus de benestar e sendo promotores de cambio social. O noso lugar está co pobo, somos moitas veces o único altofalante que poden ter persoas que doutro xeito xamais serían escoitadas nin visibilizadas. Sabemos que as nosas intervencións son sostidas e validadas en canto que loitamos a prol dos Dereitos Humanos recoñecidos pola lexislación internacional. Deberíamos ser abandeiradas da indignación, técnicas proactivas nas propostas de solución e insubmisas dun sistema cruel e inhumano.

***"As traballadoras sociais deberíamos ser abandeiradas da indignación, técnicas proactivas nas propostas de solución e insubmisas dun sistema cruel e inhumano."***

Máis somos parte do problema. Somos as que xulgan a unha muller por traballar en negro para completar unha axuda de 400 euros. Somos o Sistema que etiqueta ao estranxeiro como ladrón e aproveitado. Somos as que teñen medo a perder o seu posto e tragamos con imposicións políticas. Somos moitas veces as policía que perseguen e que ameazan. Somos as que temos o poder de moitas vidas nas nosas mans e que decidimos, non segundo o que máis lle convén, se non o que nos ditan dende arriba. Somos as que deixamos que se siga recortando, que desapareza a lei de dependencia, que as axudas de emerxencia tarden case un ano en resolverse. Somos as que nos amparamos en que "son drogadictos ou

borrachos e que non queren insertarse" para tapar as vergonzas dunha sociedade onde a brecha entre os que poden e os que non é tan grande que é difícil volver a subirse no barco cando caes.

E si, tamén somos as que chegamos a casa e choramos de impotencia. As que nos sentimos enlouquecer por tratar de vivir entre dúas augas tan opostas. As que recibimos as labazadas tanto do que pide como do que non quere dar. As que no noso interior aínda trememos de indignación cando se comete una inxustiza.

Recuperemos a esencia do traballo social. Levantémonos. Declarémonos en subversión: non imos a ser máis a cara visible do neoliberalismo, vamos a deixar este lado da mesa para sentarnos enfronte, xunto co resto da poboación e imos tirar do carro dunha sociedade moi farta de perder dereitos. Temos una oportunidade de ouro para demostrar que non perdemos o que somos.



# A ONDE CARALLO VAN OS IMPOSTOS?

Daniel García Reigosa.

Os cidadáns somos adoutrinados na crenza de que cos impostos estamos a contribuír coa sociedade. Trátase dun pacto ineludible co que renunciamos ao ben individual a favor do ben común. Pero dende o comezo ese pacto nace en falso, pois nin os cidadáns poden escoller se queren contribuír, ou en que medida, nin tampouco poden escoller a que van destinados os seus cartos. O todopoderoso Estado, encarnado na casta política que pide o voto en eleccións pero que non pide opinión no resto da lexislatura, é quen rouba e decide.

Levamos anos vendo como os servizos sociais que din brindar o estado de medio-bienestar foron arrincados de raíz. O Estado desenténdese completamente dos cidadáns. Que llo pregunten ás persoas desafiuzadas sen diñeiro nin vivenda, aos parados sen prestacións, aos dependentes abandonados á súa sorte, aos xubilados que cobran cada vez menos, aos estudantes sen bolsa, aos pacientes que deben pagar as medicinas, aos denunciante/denunciados que pagan as taxas xudiciais, aos preferentistas estafados pola banca, aos emigrantes privados de sanidade, etc... Non son casos illados, son un síntoma da podremia do sistema.

***"O pacto dos impostos, non subscrito libremente pero de obrigado cumprimento, é unha estafa consumada."***

A pregunta que titula este artigo ronda polas mentes da inmensa maioría da

poboación. Pagamos cada vez máis impostos, e incluso créanse algúns novos, a cambio de menos prestacións. O pacto dos impostos, non subscrito libremente pero de obrigado cumprimento, é unha estafa consumada. A ninguén se lle escapa que, ao igual que os intermediarios son os responsables de que a un agricultor se lle pague 0,20€ o quilo de tomates pero se venda a case 2€, os intermediarios aquí (os políticos) son os que quedan cos cartos. Moito máis doloroso é ver como a actualidade política é enchese de novas que falan de políticos corruptos, de gobernos e partidos que malversan fondos públicos, de ministros e cargos públicos que evaden impostos, de grandes fortunas feitas a costa do contribuínte agochadas en paraísos fiscais, de empresarios explotadores enriquecidos coa escravitude dos seus traballadores... Diferentes casos que teñen un trazo común: os que administran os bens comúns evaden a obriga que lles impoñen aos seus administrados: o sacrosanto deber de pagar relixiosamente os impostos.



# HORÓSCOPO LABORAL

<Cando o dedo sinala a lúa, o imbecil mira o dedo> Proverbio chinés.

## ARIES

Non sexas carneiro! Os deste signo sodes uns testáns e non distinguídes ao inimigo. Erras culpando da túa situación aos q'foxen da fame. Que somos máis que emigrantes, no pasado, presente e futuro? Os teus antergos reméxense nos cadaileiros cada vez que esbarallas. Contra os irmáns doutra cor. Non es máis que unha ouveilla!



## TAURO

Lástema de bois! Que se che perdeu nas touradas? Renegar da túa identidade e da túa cultura non te ha facer mellor. O sistema prefirenos estúpidos para facer de nós un pandeiro. Proletario: a túa lingua é a proletaria, coñécaa, deféndcaa, amaa e úsaa... porque si, porque che peta. E un consello: faillle un monumento á Vaca.



## XÉMINI

Os xemelgos pensades que todos somos iguais porque non entendestes a loita de clases. Comprobarás que iso é un conto. Debes ser fiel ao lema de *A igual traballo, igual salario*. Mantédevos unidos nas reivindicacións, pois o patrón sabe que coa vosa división ten media partida ganada. Coidado! Probable accidente laboral!



## CÁNCER

Os cancroxos coidan que andar cara atrás é signo de progreso. Mental! Os dereitos conquistados hai que defendelos. A Sanidade e o Ensino públicos están a ser desmantelados e ti a mirar para outro lado. *Non deas un paso atrás, nin para colleer impulso*. Olló! SE quedas embarazada ou enferma, probablemente serás despedida.



## LEO

*Máis vale cola de león que cabeza de rato*. Lembra isto antes de asinar o Plan de Xubiliación, e lembra tamén as Preferentes. Así que valte manifestar en defensa das Pensións. Doutro xeito prognostíctote que cando te xubiles pasarás fame. Se es novo debes ser consciente de que non has dar cotizado abondo para poder retirarte.



## VIRGO

Pensas que es vírxen, que isto non vai contigo? Xente nova e leña verde... Converte o fume en lume, pero non creas sabelo todo. Aprende das loitas históricas, dende Espartaco. Se cres que os teus problemas son xeracionais é que estás posuído polo Corte Inglés. Recomendócho cuspirle ao lema *Que grande es ser joven!*



## LIBRA

Crias que a xustiza era cega. Acontece que ten amo e mira para outro lado cando lle é mester. Os dous pratos da balanza son desiguais dependendo de que lado che tocara na división de clases. Non te fíes, polo tanto, en exceso ou en exclusiva, das solucións xudiciais. Lectura apropiada *A xustiza pola man de Rosalía de Castro*.



## ESCORPIÓN

*Mordedura de alacrán busca viño e busca pan que mañán te enterrarán*. Gárdate da traizón sindical e dos esquirols. Primeiro baixada salarial, despois aumento da xornada... e así ata o ERE final. Non te representan. Están ao servizo dos que falan da competitividade, de produtividade... Signo propicio para lacaos e lamecus...


## SAXITARIO

Se es arquero precisas puntería. Aínda así lembra que non estás só. O teu individualismo de francotiradorpode levarte ao fracaso. A conxunción astral demostra que a unidade é básica. Se es un intelectual non debes desprezar as túas orixes ou non serás máis que un desclasado. Canto ao amor: nefasto nestes tempos de cólera.



## CAPRICORNIO

*A cabra co vicio dá os cornos no cu*. Deixa de rezar, ímonos salvar nós mesmas, e deixa de marcar tantas inutilidades, alienado! O sistema inventou novos tranxénicos do opio do pobo. Pensa por ti mesmo con esa cachola na que che puseron cornos parabólicos. Profecía futbolística: no partido do ano o gran perdedor eres ti.



## AQUARIO

Dicías que eras pobre e tiñas unha hipoteca. Non te ha salvar a constitución e as súas mentiras. Se non espablamos os dereitos básicos seguirán a ser tripados: saúde, educación, vivenda... Os astros confirman que a Banca sempre gaña e que os desafuzamentos continuarán. Predición: a lotaría non é a solución.



## PISCES

Peixe, que non te leve a mareal! Coidabas que toda a terra era dos homes, pero non: está privatizada, contaminada, esnaquizada... e as nosas mans son baratas para as quenllas do capital. Querente parado. Están a conseguilo no laboral; que non o consigán no social. Nesta constelación, e baixo esta elipse solar, a loita é o único camiño.

Nota: A persoa que fixo este texto foi explotada en diversas empresas de televenta. Con posterioridade dedicouse á astroloxía, sendo

contratada en numerosos liñas telefónicas de tarot e zodíaco.... Publicou horóscopos nun semanario ata que foi despedida co argumento de <non axustarse á liña editorial>. Na actualidade sobrevive como autónoma realizando cartas astrais por encargo.

|                                                                    |                                                    |                                                                                                    |                                                                              |                                                           |                                                                                                                              |    |
|--------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
|                                                                    |                                                    |                                                                                                    |                                                                              |                                                           | 1<br>Presentación de<br>"As Marchas da Dignidade",<br>salón de actos dos Capuchinos.<br>R/ Vázquez Varela, 15. Ás 18h        | 2  |
| 3<br>obradoiro de pilates: luns<br>de 10h a 11h na Cova dos Ratos  | 4<br>Obradoiro de gaita,<br>de 17h a 18h, CS Lume  | 5<br>Obradoiros de conversa,<br>de 19h a 20h inglés e de<br>20 a 21 francés,<br>na Cova dos Ratos  | 6<br>Obradoiro de conversa,<br>de 19h a 20h, italiano,<br>na Cova dos Ratos  | 7<br>Obradoiro de tamboril,<br>de 18:20 a 19:20, Cs Lume  | 8<br>"Día internacional das mulleres"<br>Manifestación da Marcha Mundial<br>das Mulleres ás 20h<br>dende a Prz. de Portugal. | 9  |
| 10<br>obradoiro de pilates: luns<br>de 10h a 11h na Cova dos Ratos | 11<br>Obradoiro de gaita,<br>de 17h a 18h, CS Lume | 12<br>Obradoiros de conversa,<br>de 19h a 20h inglés e de<br>20 a 21 francés,<br>na Cova dos Ratos | 13<br>Obradoiro de conversa,<br>de 19h a 20h, italiano,<br>na Cova dos Ratos | 14<br>Obradoiro de tamboril,<br>de 18:20 a 19:20, Cs Lume | 15<br>"O territorio.<br>Representación colectiva",<br>Ciclo "O Dereito á Cidade":<br>no Bou Eva ás 17:30                     | 16 |
| 17<br>obradoiro de pilates: luns<br>de 10h a 11h na Cova dos Ratos | 18<br>Obradoiro de gaita,<br>de 17h a 18h, CS Lume | 19<br>Obradoiros de conversa,<br>de 19h a 20h inglés e de<br>20 a 21 francés,<br>na Cova dos Ratos | 20<br>Obradoiro de conversa,<br>de 19h a 20h, italiano,<br>na Cova dos Ratos | 21<br>Obradoiro de tamboril,<br>de 18:20 a 19:20, Cs Lume | 22<br>Obradoiro de cociña vegana<br>(inscrición antes do 18),<br>ao mediodía na Cova dos Ratos.                              | 23 |
| 24<br>obradoiro de pilates: luns<br>de 10h a 11h na Cova dos Ratos | 25<br>Obradoiro de gaita,<br>de 17h a 18h, CS Lume | 26<br>Obradoiros de conversa,<br>de 19h a 20h inglés e de<br>20 a 21 francés,<br>na Cova dos Ratos | 27<br>Obradoiro de conversa,<br>de 19h a 20h, italiano,<br>na Cova dos Ratos | 28<br>Obradoiro de tamboril,<br>de 18:20 a 19:20, Cs Lume | 29                                                                                                                           | 30 |
| 31<br>obradoiro de pilates: luns<br>de 10h a 11h na Cova dos Ratos |                                                    |                                                                                                    |                                                                              |                                                           |                                                                                                                              |    |


marzo



cosa blandita #1

# ALEBRIJE.

Montse Piñeiro.



É un cabalo? É un mamut? É un sapo? É un nudista ortodoxo?

O alebrije é una figura imaxinaria formada por partes de diferentes animais, tanto reais como fantásticos. A súa presenza no territorio mexicano esténdese por toda a nación, mais é na cidade de México onde radica a súa orixe. Alí, o cartoneiro Pedro Linares López traballaba no seu taller de piñatas, máscaras e figuras de papel maché que logo vendía no Mercado de la Merced .

No ano 1936 Linares enferma gravemente, ficando na cama nun estado de semi-inconsciencia. Neses delirios soña cun lugar tan estraño coma apacible, unha especie de bosque habitado por animais dunha peculiar natureza. Un burro con ás de bolboreta, un galo con cornos de touro e un león con cabeza de águia desfilarán pola súa mente berrando ao unísono

¡Alebrijes! ¡Alebrijes!

Despois de espertar (algúns din que no seu propio velorio) Pedro dá vida a esas alucinacións do xeito que mellor sabe: converténdooas en figuras de cartón. Pouco despois o dono dunha galería de arte de Cuernavaca descubre o seu traballo nunha visita ao mercado, acontecemento

que remataría por achegar a súa obra a Frida Kahlo e Diego Rivera, quenes comezaron a encargar máis figuras da mesma tipoloxía. O éxito da produción de Linares popularizou a figura do alebrije, provocando a aparición de numerosos artesanos por todo o país.

No ano 1975 Judith Bronowski filmou un documental acerca de Linares que deu a coñecer estas figuras tamén no estranxeiro

***"O éxito da produción de Linares popularizou a figura do alebrije, provocando a aparición de numerosos artesáns por todo o país."***

e as levou ao estatus de patrimonio cultural.

Esta tradición estendeuse rapidamente, dando inicio en moitos lugares a concursos de carrozas e derivando tamén noutras manifestacións artísticas, como é a da talla de alebrijes en madeira característica do estado de Oaxaca. Alí mesturaron a invención de Linares coa tradición da talla en madeira de copal propia da rexión.

Linares recibiu en 1990 o Premio Nacional de Ciencias y Artes na categoría de Artes y Tradiciones Populares, a máis alta condecoración para artesáns outorgada polo goberno mexicano. Asemade, os traballos que realizou para Diego Rivera pódense visitar no museo Anahuacalli da Cidade de México.

<http://laratart.blogspot.com.es/>  
<http://montsepinheiro.wordpress.com/>

# A BATALLA POLAS PENSÍONS.

Lapsus distribuidora alternativa.

"A Batalla polas Pensións (1881-2013). De como a clase capitalista quere privatizar os bens comúns e de como as clases traballadoras se opoñen."

Xabier Pérez Dávila, Estaleiro editora.

Os medios de persuasión de masas difunden sen descanso a verdade incontestábel. As sociedades europeas non se poden permitir o mantemento de onerosos sistemas de protección social.

***"Establecer o benestar común é posíbel, mais incompatíbel coa financeirización."***

No entanto, existe unha narración alternativa. Os sistemas de protección social, como o recoñecemento dos dereitos das mulleres, ou como a acumulación do coñecemento científico, son conquistas da civilización humana, irrenunciábeis, que deben ser estendidas a toda humanidade. A capacidade produtiva das sociedades humanas é incomparabelmente superior á de

ningunha outra época. Porén, é capitalismo financeirizado o que ameaza a viabilidade dos sistemas de pensións públicos. É o capitalismo financeirizado o que aumenta de xeito exponencial a inestabilidade do sistema económico someténdoo a recorrentes crises financeiras. Establecer o benestar común é posíbel, mais incompatíbel coa financeirización. E, tendencialmente, tamén incompatíbel co capitalismo.



Foto: animación, servicios educativos y tiempo libre.

## II FESTIVAL METAMOVIDA.

Xavier Núñez Bértolo\*.

A Metamovida é un colectivo musical independente e autoxestionado. **Non somos unha productora, non somos unha discográfica. Somos un colectivo de músicos. So iso.**

O pasado 17 de Xaneiro enchimos a Sala Capitol de Compostela coa nosa primeira "gran produción" o II Festival Metamovida. O cartel estivo formado por Cró!, Unicornibot, Guerrero e máis a Orquesta Metamovida; grupos do underground galego integrados por algúns dos músicos que, dende fai anos, construímos colectivamente a Metamovida. Para todos nós, aquel día cumpriuse un soño. No público había 500 persoas e moreas de amigas, todas elas entregadas coa música

e espírito da Metamovida. Pero tamén porque se completou unha produción artística de éxito: a entrada foi popular (10€, 4 bandas, 3h30min de espectáculo), sen que isto impedise que os músicos, e todas as demais persoas que traballaron no evento, cobraran dignamente e tiveran os seus desprazamentos cubertos.

Para moitas de nós, o acontecido o pasado 17 de Xaneiro en Compostela, foi unha proba de que o traballo colectivo e cooperativo na promoción, organización, coordinación e execución, permite aos artistas escénicos autoproducir os seus eventos con éxito, independencia e a precios populares.

\* Integrante da Metamovida.

# ○ ENGAÑO DA “PRODUCTIVIDADE LABORAL”.

Uxío Reinoso Maset.



*“Se non se aumenta a produtividade e se non se teñen os custos salariais adecuados, a empresa acaba fechando e ese traballador que quere cobrar máis ao final non acaba cobrando máis que o paro ... para saír da crise económica os traballadores deben traballar máis e, desgraciadamente, gañar menos...os empresarios xa están gañando menos, e incluso hai moitos que xa están perdendo.”*

Gerardo Díaz Ferrán.  
Ex-presidente da CEOE<sup>1</sup>.

A estas alturas non é difícil saber que a crise económica capitalista, e o capitalismo en si mesmo, é unha gran estafa. Un dos casos que mellor exemplifica, é o abuso que as clases hexemónicas están facendo do concepto “produtividade laboral”.

Como ben se sabe, a produtividade é a relación entre a produción obtida e os recursos empregados para obtela<sup>2</sup>. Por exemplo, a relación entre unha terra (factor recurso) e a produción de grans de trigo (factor produto), nun período de tempo (neste caso o ciclo do cultivo do trigo):

$$\frac{\text{trigo(masa)}}{\text{terra(superficie)}} = \text{produtividadedaterra}$$

Dado que os recursos e produtos da natureza e do ser humano teñen diferentes calidades, para que unha “relación de produtividade” teña valor estadístico, cada un dos factores (recurso e produto) ten que ser sometido a un criterio de homologación. Así, por exemplo, acostúmase especificar dous criterios de homologación sobre o factor recurso “terra”, “secano” e “regadío”; non facer esta distinción equivalería a anular o valor informativo xa que o auga é outro recurso, que debería ser considerado noutra “relación de produtividade” distinta:

$$\frac{\text{trigo(masa)}}{[\text{terra(superficie) / auga(volume)}]} = \text{produtividadedaterraderegadio}$$

O axeitado é expresala produtividade nun índice sinxelo con unidades constantes, e despois facer unha serie. Só dese xeito poderáse facer unha comparativa estadística e obter información útil para a economía aplicada, isto é, cal é o rendemento de determinado investimento nun recurso.

Según a lóxica aplicada anteriormente **a produtividade laboral debería ser a relación entre o traballo** (factor recurso) **e o produto**, dentro dun período determinado, coa debida consideración de calidade. Por exemplo: cantas camisas (de calidade “x”) fai unha traballadora téxtil “Z”, nun período “y”.

$$\frac{\text{camisas(unidades)}}{\text{traballo(horas)}} = \text{produtividadedatraballadoraZ}$$

Tamén pode facerse un índice de “produtividade laboral relativa”, na que se medise a cantidade de recursos, a máis do traballo, son precisos. Isto faise subordinando os diversos factores de recurso, por exemplo:

$$\frac{\text{camisas}}{[\text{algodón (masa) / traballo (horas)}]} = \text{produtividade traballadora Z}$$

Destes xeito podemos dicir que un para producir 100 camisas a traballadora “Z” fanlle falla 2 kg. de algodón traballadas durante 8 horas.

Pero na realidade, non se segue esta sinxela lóxica obxetiva, seguimos a lóxica subxetiva marcada polo capitalismo. O teoría capitalista sostén que o xogo da oferta e a demanda no mercado crea desigualdades na atribución de valor ao traballo. Dependendo dos custos de produción asociados ao posto de traballo e posición que cada produto ten no mercado, a cada posto de traballo se lle corresponde un valor distinto (ata o punto que pode non haber dous iguais). Isto é, o capitalismo dí que os traballos non son homologables.

Chegado este punto o lóxico sería renunciar a econometría da produtividade laboral... pero non é así, a ideoloxía capitalista gústalle presentar o seu ordenamento social como unha verdade científica obxetiva e por iso recorre a falsos estudos para xustificarse perante a opinión pública. **Hoxe en día o termo “produtividade laboral” é asignada a unha relación aritmética entre o custo monetario do conxunto dos factores de produción e o valor monetario do produto no mercado** (sen atender a calidade do produto, e as veces sen atender a períodos de tempo ningún que son substituídos polo “instante” do mercado). Unha das fórmulas aplicadas<sup>3</sup> é a seguinte:

$$\frac{[(\text{costo materia prima} + \text{c. de infraestructura e equipo} + \text{c. laboral} + \text{c. do capital})]}{(\text{poboación activa ou horas de traballo})} = \text{produtividade laboral}$$

*valor da mercancia*

Esta concepción holística levanos a paradoxa de que os índices desta “pseudo-produtividade laboral” presentes sexan totalmente inútiles para a análise económica: como o que se representa é o conxunto da economía é imposible sacar conclusión práctica nengunha. Como non se mide o factor traballo, non podemos saber se un traballo determinado é produtivo ou non, se rinde máis ca outro, e polo tanto se vale a pena sostelo ou invertir máis nel. Como moito podemos saber se o sistema económico no que está inserido é competitivo ou non. En realidade a fórmula anterior é iso, unha “fórmula da competitividade no mercado” e nunca da “produtividade laboral”.

A máis da paradoxa monumental de que nesta definición non se mide o factor traballo, danse outras moitas situacións anómalas. Por exemplo que a produtividade laboral pode ser igual a 0 (se non se vende unha camisa, da igual cantas camisas se fixeran por hora, 1 ou 2000, o índice de “produtividade laboral” sería sempre 0).

Por certo, e a pesar dos augurios da CEOE, según o Banco de Inglaterra, a española foi a economía da onde máis aumentou a “pseudo-produtividade laboral” entre 2008 e 2012<sup>4</sup>.

<sup>1</sup>Público o 14-10-2010 <http://www.publico.es/dinero/341537/diaz-ferran-solo-se-puede-salir-de-la-crisis-trabajando-mas-y-ganando-menos>

<sup>2</sup>Definición da Organización Mundial do Traballo

<sup>3</sup>Dada a contradicción da “pseudo-productividade laboral”, aplicanse ata 8 variantes distintas.

<sup>4</sup>Expansión.com 29-6-2012 <http://www.expansion.com/2012/06/29/economia/1340920879.html>

*Non preguntaría a un can pola súa idea de xustiza  
e non deixaría espazo á dúbida  
e non preguntarei a Peter Brabeck pola súa idea de xustiza  
e non amaría  
e non preguntarei a Neville Isdell pola súa idea de xustiza  
e non temería arrepiarme ante o suor da carne tensa  
e non preguntarei a Phil Knight pola súa idea de xustiza  
e non me mollaría no afán de confundirme coa chuva  
e non preguntarei a Bieito XVI pola súa idea de xustiza  
e non me faría pequeno no medio do monte  
e non preguntarei a Ariel Sharon pola súa idea de xustiza  
e non confundiría as palabras co ruído  
e non preguntarei a Marcial Maciel pola súa idea de xustiza  
e non preferiría a pedra mollada.  
e non preguntarei a deus pola súa idea de xustiza  
e o disparo seco non rebotaría de monte en monte ata enchelo todo  
de morte solitaria e covarde, no medio do barro, baixo a chuva fina  
e constante. Eu xa non preguntaría pola súa idea de xustiza, xa non  
preguntaría nada, nin sequera por que.*

Pedro Fresneda\*

Agosto 2009

*Nota: Peter Brabek é o actual presidente de Nestle, Neville Isdell é o actual presidente de Coca cola, Phil Knight é o actual presidente de Nike, Benedicto XVI é o actual primeiro ministro da Igrexa católica, Ariel Sharon foi presidente do estado de Israel, Marcial Maciel foi un cura pederasta mexicano (fundador dos Lexionarios de Cristo) foi xulgado por delitos de pederastia e, a pesar de demostrarse os cargos, nunca foi condenado por ningún deles.*

*\* Membro de "Cultura contra a mentira".*

# A BOIA ENTREVISTA A...

## OFICINA DE DEREITOS SOCIAIS DE COIA.

### ODS - COIA

OFICINA DE DEREITOS SOCIAIS - COIA

**Que é a Oficina de Dereitos Sociais de Coia?**

Un punto de información sobre dereitos sociais no que tentamos ofrecer información alternativa acerca de axudas sociais, denunciar o empobrecemento, visualizar a dor causada polo capitalismo e artellar respostas colectivas e dende abaixo a esta tolemia que nos ofrecen como única vida.

No último ano levamos unha sorpresa. Sen saber moi ben como, comezamos cunha dinámica de asembleas abertas, os martes cada 15 días na parroquia do Cristo en Coia, nas que participamos xentes moi diversas e dende as que nos puxemos a buscar saídas en forma de concentracións, presentación de escritos, reunións con colectivos sociais...

**Recentemente participastes nunha campaña de denuncia do mal funcionamento dos servizos sociais do Concello de Vigo. Cales eran as deficiencias? Houbo algunha resposta dende o Concello?**

Coas asembleas vimos que os problemas que padeciamos ao relacionarnos con servizos sociais tiñamos que afrontalos de modo colectivo. A opacidade na xestión das axudas, os elevados tempos de agarda, a "burrocracia", a ausencia dun protocolo que respecte o procedemento administrativo legalmente establecido... eran problemas xeneralizados que nos deixaban nunha situación de indefensión

ante a administración, así que comezamos a denuncialos publicamente ao tempo que nos reuniamos cos responsables políticos esixindo solucións. Finalmente a presión que exercemos ao longo destes meses semella que fixo efecto e hai unhas semanas Isaura Abelairas convocounos para falar deste asunto e para recoñecer algunhas das nosas reivindicacións. Está por ver como e cando implementarán esas mudanzas, pero seguiremos a esixir dereitos sociais para todas.

**Dun xeito breve e sinxelo, podes explicar en que consiste a Renda Básica da Igualdade (RBis)?**

É o dereito de toda persoa a percibir unha contía periódica para cubrir as necesidades básicas. A RBis é individual, universal, incondicional e cunha contía polo menos igual ao limiar da pobreza. Ademais, unha parte percibiríase en man e outra iría a un fondo común cuxo destino se decidiría colectivamente.

É unha proposta máis que, dende o rexeitamento ao sistema capitalista, busca ser unha ferramenta para redistribuír a riqueza e transformar a sociedade dende abaixo e colectivamente.

**Como pensades que debemos tecer a resposta social para cambiar o actual sistema?**

Nós buscamos facelo no día a día, cos apoios e relacións con outras, facendo festas, intentando comprender esta tolemia, denunciando aos responsables de tanta dor, artellando espazos de vida... en definitiva, vivindo iso que repetimos moitas veces "Xuntas a calquera parte, soas a ningunha".

